

Unha nova Lei de Educación Para que? Que busca a LOMCE?

O texto da LOMCE

(Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa)
di que nace debido á:

- Os “pobres” resultados obtidos polo alumnado nas probas internacionais como PISA.
- As elevadas taxas de abandono temperán da educación.
- O reducido número de estudantes que acadan a excelencia.

Pero a realidade di que:

- Os resultados de PISA 2009, non só non son “pobres”, senón que sitúan a España na media dos países da OCDE, como Francia, Alemaña, Reino Unido.
- A pesar da taxa de abandono escolar ser das máis altas, reduciuse de 2/3 en 1999 a 1/4 na actualidade.
- A falta de alumnos/as excelentes está compensada por obter España os mellores resultados en equidade, só por detrás de Finlandia.




A CGENDL ante a LOMCE

No mundo plurilingüe no que vivimos, a defensa do coñecemento das linguas internacionais resulta unha aspiración social e cultural moi necesaria.

Non obstante, a introdución de linguas foráneas no noso sistema educativo debe realizarse sempre dun xeito inclusivo, partindo da lingua propia (o galego) ou das linguas ambientais (galego e castelán) do alumnado.

En ningún caso o fomento do plurilingüismo debe utilizarse como unha escusa para reducir a presenza da lingua propia de Galicia no sistema educativo.

En consecuencia, a CGENDL denuncia o proceso de eliminación do labor normalizador que debería desempeñar a escola, fomentado polo enfoque errado do plurilingüismo que ofrece o Decreto de 2010, e amparado agora pola LOMCE.



A LOMCE

= RESTA

ÁÍNDAA +

GALEGO



coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística

Que supón a LOMCE para o galego? (art. 88,38ª)

O galego non se protexe nin se fomenta coa LOMCE, porque:

Afonda nos prexuízos:

As materias xerarquízanse en tres rangos: troncais (as consideradas socialmente importantes), específicas (as consideradas socialmente menos importantes) e “de libre configuración autonómica” (o galego). Sitúase polo tanto a lingua galega por detrás da Lingua Estranxeira (materia troncal), da 2ª Lingua Estranxeira ou mesmo da Relixión (materias específicas).



Non respecta a realidade pluricultural:

O Goberno Central pode asumir até o 100% das competencias no relativo ás materias troncais e o 50% nas materias específicas; polo tanto os contidos galegos (coñecemento do medio, historia, xeografía, cultura,...) desaparecerán do currículo, que se verá uniformizado en toda España a través das reválidas.

Promove o descoñecemento do galego:

Os pais ou titores legais terán dereito a que os seus fillos e fillas reciban o ensino só en castelán, dentro do marco da programación educativa, polo que moito alumnado non terá coñecemento do noso idioma.

Non recolle as vantaxes do alumnado bilingüe:

O alumnado galego, escolarizado nun contorno educativo bilingüe galego-castelán, obtivo:

- Meliores resultados na competencia lingüística que o alumnado das comunidades monolingües, como, por exemplo, Asturias ou Cantabria.
- Resultados semellantes aos de países como Francia, Reino Unido ou Alemaña na materia de Coñecemento do Medio (sempre impartida en galego).

Discrimina o galego como lingua vehicular:

As Administracións educativas determinarán a proporción de uso de castelán e de galego no sistema educativo, pero indícase explicitamente que a Administración educativa deberá garantir unha oferta docente sostida con fondos públicos na que o castelán sexa a lingua vehicular. De non ser así, **as familias que desexen só castelán para os seus fillos e fillas poderán escolarizalos en centros privados, con cargo aos fondos públicos.**

Outras novidades negativas que trae a LOMCE?

- Implantación de avaliacións externas de fin de etapa (reválidas para 4º da ESO e 2º de Bacharelato)
- Volta á antiga FP
- Eliminación de PCPI e PDC
- Implantación da Relixión e supresión da Educación para a Cidadanía
- Perda do poder de decisión do Consello Escolar
- Ampliación dos concertos económicos coa privada



A LOMCE agocha unha visión mercantilista do ensino, que se ve como un negocio, non como un servizo público básico á cidadanía.